

Catálogo Nacional Monumentos Históricos	
Estado	GALICIA
Municipio	MUROS
Inmueble	Igrexa de San Xoan de Serres
Dirección	Rúa de Serres, s/n. 15259
Coordenadas	42.7876633 -9.0667812
	
Descripción	<p>O conxunto está composto pola igrexa rodeada por un amplio patio cercado que é o espazo que ocupaba o cemiterio vello onde hai algunas cruces e panteóns. A partida máis antiga que se conserva no seu arquivo data de 1600, por elo supónse que tamén daquela debería existir algúun tipo de igrexa, dende entón sufriu múltiples ampliacións. No século XVIII a Confraría de Nsa. Sra. das Dores paga a construcción da capela titular, incorporada ao corpo principal da igrexa. No século seguinte, no ano 1892 faise unha ampliación importante, quedando este edificio con planta de cruz latina: sacristía, presbiterio, nave central e dúas capelas. En 1984 remodélase o presbiterio, desprazándose cara diante o altar de pedra que estaba incorporado ao retablo, tamén de pedra. En 1991 amplíase de novo, quedando a nave central de forma cuadrangular. O deseño actual poderíase considerar basilical. Sobresaíndo a fachada da nave central, onde se atopa a porta principal, está coroada por unha espadana sobre que sostén dúas campás, e remata con un pináculo. Os laterais son de cantería, ao igual que o resto do templo. Presentando o lateral Sur un brasón, xa moi gastado, onde se distinguen tres cuarteis de difícil interpretación, Ramón de Artaza cree distinguir un, relativo a familia Caamaño, e un reloxo de sol na capela maior. Dende a igrexa parroquial saía un viacrucis que subía ata a capela de San Ramón. Pegada á casa reitoral consérvanse moitas das cruces a día de hoxe.</p>
Campanas y esquilas	2 campás.
Toques actuales	
Conservación	
Protección	
Propuestas	
Autores del registro	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)

Fecha del registro	13-02-2023
---------------------------	------------

Campanas actuales

Localización	Campana	Fundidor	Año	Diámetro	Peso
Espadana	<u>Campá pequena (1)</u>	<u>OCAMPO, JUAN (ARCOS DA CONDESA)</u>	1944	71	207
Espadana	<u>Campá grande (2)</u>	<u>OCAMPO, JUAN (ARCOS DA CONDESA)</u>	1943	84	343

Información completa: [Igrexa de San Xoan de Serres - MUROS \(GALICIA\)](#)